
τὸ
ἑλληνικό
ἀλφάβητο
(o alfabeto grego)

**A lingua grega xa se escribía antes da invención do alfabeto.**

**Un conxunto de documentos, conservados en táboas de barro e que datan dos séculos XV-XII a.C., foron descifrados por Michael Ventris e John Chadwick entre 1951 y 1953. Estes dous estudosos identificaron a súa escritura, coñecida como Lineal B, como un sistema silábico que escribía a variante do griego máis antiga atopada: o micénico**











*Greek and Phoenician Colonies and Trade. The Western Mediterranean was first colonized by Phoenicians and Greeks who together controlled trade throughout the region.*

**Seguramente debido a frecuentes intercambios comerciais no Mediterráneo oriental, os gregos coñeceron o sistema de escritura dos fenicios, que tiña a virtude de ser moi económico: a cada símbolo correspondíalle un son. Con todo, non representaba as vogais, cousa que si fai a adaptación grega, que, segundo se cre, data de arredor do s. VIII a.C.**

**Non houbo unha soa adaptación grega do alfabeto fenicio, senón varias, que se diferenciaban polo emprego ou non emprego de determinadas letras. Arredor do s. VI a.C., na Xonia, apareceu o que remataría xeralizándose como alfabeto grego clásico, a partir do s. IV a.C.**



**Verde: alfabetos primitivos**

**Laranxa: alfabetos occidentais**

**Azul: alfabetos orientais**

| Letra | Nombre | | Pronunciación | Transcripción | Alfabeto fenicio |
|---|---|---|---|---|---|
| | griego | español | | | |
| Α α | ἄλφα | Alfa | [a] [a:] | A | 𐤀 'Aleph |
| Β β | βῆτα | Beta | [b] | B | 𐤁 Beth |
| Γ γ | γάμμα | Gamma | [g] | G | 𐤂 Gimel |
| Δ δ | δέλτα | Delta | [d] | D | 𐤃 Daleth |
| Ε ε | ἔ, ἐψιλόν | Épsilon | [e] | E | 𐤄 He |
| Ζ ζ | ζῆτα | Dseta | [dz] | Z | 𐤆 Zain |
| Η η | ἦτα | Eta | [e:] | E | 𐤇 Heth |
| Θ θ | θῆτα | Zeta | $[t^h]$ | TH | 𐤈 Teth |
| Ι ι | ἰῶτα | Iota | [i] [i:] | I | 𐤉 Iodh |
| Κ κ | κάππα | Kappa | [k] | K | 𐤊 Kaph |
| Λ λ | λάμβδα | Lambda | [l] | L | 𐤋 Lamedh |
| Μ μ | μῦ | My | [m] | M | 𐤌 Mem |
| Ν ν | νῦ | Ny | [n] | N | 𐤍 Nun |
| Ξ ξ | ξῖ | Xi | [ks] | X | 𐤎 Samech |
| Ο ο | ὄ, ὀμικρόν | Ómicron | [o] | O | 𐤏 'Ain |
| Π π | πῖ | Pi | [p] | P | 𐤐 Pe |
| Ρ ρ | ῥῶ | Ro | [r], [r̥] | R | 𐤓 Res |
| Σ σ / ς | σῖγμα | Sigma | [s] | S | 𐤔 Sin |
| Τ τ | ταῦ | Tau | [t] | T | 𐤕 Tav |
| Υ υ | ὔ, ὐψιλόν | Ýpsilon | [ü] [ü:] | Y | 𐤅 Vav |
| Φ φ | φῖ | Phi | $[p^h]$ | PH | origen discutido |
| Χ χ | χῖ | Khi | $[k^h]$ | KH | |
| Ψ ψ | ψῖ | Psi | [ps] | PS | |
| Ω ω | ὦ, ὠμέγα | Omega | [o:] | O | 𐤏 'Ain |

**Este é o alfabeto grego clásico en comparación co fenicio**

| Letra | Pronunciación | Alfabeto fenicio |
|---|---|---|
| Ϝ ϝ | [w] | Y Vav |
| ʽ | [h] | 𐤇 Heth |
| ’ | — | 𐤇 Heth |
| Ϙ ϙ | [q] | 𐤒 Koph |

**E estas son algunhas letras que se incluían nalgunhas das variantes anteriores á xeralización do alfabeto clásico, e que aparecen noutro alfabeto que seguramente coñeces ben. Cal?**